

TERMOS DEFINIDOS

PUNTO 2. CAUSAS DA PRIMEIRA GUERRA MUNDIAL

1. Define os seguintes termos segundo o que estudaches no tema:

- a) **TRIPLE ALIANZA:** *Acordo político e militar asinado antes da Primeira Guerra Mundial por Alemaña, Austria-Hungría e Italia debido ás rivalidades cos países que formaban parte da Triple Entente.*
- b) **TRIPLE ENTENTE:** *Acordo político e militar asinado antes da Primeira Guerra Mundial por Francia, Rusia e Gran Bretaña debido ás rivalidades cos países que formaban parte da Triple Alianza.*

PUNTO 4. FASES DA PRIMEIRA GUERRA MUNDIAL

2. Define os seguintes termos segundo o que estudaches no tema:

- a) **PLAN SCHLIEFFEN:** *Estratexia de guerra levada a cabo por Alemaña ao principio da Primeira Guerra Mundial, que pretendía avanzar pola fronte occidental a través dun rápido ataque entrando por Bélxica e Luxemburgo, para deste xeito evitar ter que combater en dúas fronteas.*
- b) **TRATADO DE PAZ DE BREST-LITOVSK:** *Acordo entre Rusia e os países dos Imperios Centrais pola cal Rusia se retiraba da Primeira Guerra Mundial, debido á decisión do goberno que se instaurou en Rusia tras o triunfo da Revolución Rusa.*

PUNTO 5. TRATADOS DE PAZ DA PRIMEIRA GUERRA MUNDIAL

3. Define os seguintes termos segundo o que estudaches no tema:

- a) **TRATADO DE VERSALLES:** *Acordo asinado tras a Primeira Guerra Mundial, ao que Alemaña unicamente foi convidada para asinar e aceptar o acordado, e no que este país foi tratado duramente, polo que foi considerado un “diktat”, xa que foi declarada responsable de provocar o conflito, sufrindo perdas territoriais e véndose obrigada a pagar enormes reparacións de guerra, o que fixo que este tratado non fose aceptado pola poboación alemá.*

PUNTO 6. CARACTERÍSTICAS DA PRIMEIRA GUERRA MUNDIAL

4. Define os seguintes termos segundo o que estudaches no tema:

- a) **ECONOMÍA DE GUERRA:** *Tipo de economía que consiste na intervención dos Estados nas actividades económicas, para así poder atender as necesidades e afrontar os enormes gastos da participación dun país nun conflito.*

PUNTO 7. CONSECUENCIAS DA PRIMEIRA GUERRA MUNDIAL

5. Define os seguintes termos segundo o que estudaches no tema:

- a) **CORDÓN SANITARIO:** *Estratexia política que se utiliza para aillar a un país, a un partido político ou a unha ideoloxía, e que no caso da etapa posterior á Primeira Guerra Mundial, estaba formada por unha liña de países que cercaba á URSS, para impedir a expansión do comunismo por Europa e debilitar ao novo Estado soviético.*

PUNTO 8. SOCIEDADE DE NACIÓNS

6. Define os seguintes termos segundo o que estudaches no tema:

- a) **SOCIEDADE DE NACIÓNS:** *Organización internacional creada ao finalizar a Primeira Guerra Mundial, que trataba de reunir e representar aos Estados do mundo e que tiña como obxectivos crear unha novo modelo de relacións entre países baseado na paz e no principio de seguridade colectiva, é dicir, trataba de respectar a integridade territorial e a independencia política de todos os Estados membros da Sociedade de Nacións e buscaba a solución pacífica dos conflitos.*